

## NOTA INFORMATIVA EN RELACIÓN AO AUMENTO DO NIVEL DE RISCO DE INFLUENZA AVIARIA EN AVES DOMÉSTICAS OU SILVESTRES

A situación epidemiolóxica con respecto á influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP) en termos globais en España ten evolucionado de xeito favorable desde o ano 2023, como se pode apreciar na seguinte táboa.

TIPO DE AVE	TEMPORADA 2022-2023	TEMPORADA 2023-2024	TEMPORADA 2024-2025 (ata a data actual)
AVES DE CURRAL	7	0	0
AVES CAUTIVAS	1	0	1
AVES SILVESTRES	125	28	20
<b>TOTAL</b>	<b>133</b>	<b>28</b>	<b>21</b>

Temporadas: do 1 de xullo ata o 30 de xuño do ano seguinte

Hai que destacar que desde xaneiro de 2023 en España non se detectaron casos en aves de curral, mantendo o noso país o estatus de libre de influenza aviaria. Porén, a detección dun caso de IAAP en aves de curral en Galicia suporía a obriga de aplicación das medidas especificadas no *Regulamento (UE) 2020/687 da Comisión, de 17 de decembro de 2019, polo que se completa o Regulamento (UE) 2016 (UE) 429 do Parlamento Europeo e do Consello no referente ás normas relativas á prevención e o control de determinadas enfermidades da lista*. Esta medidas, ademais do sacrificio obrigatorio das aves das explotacións afectadas, incluírían o establecemento de zonas restrinxidas en torno aos focos, con restricións de movementos de aves e produtos avícolas das zonas afectadas, co conseguinte prexuízo económico para todo o sector avícola galego (granxas, matadoiros, empresas agroalimentarias...) e do resto do Estado.

Na actual temporada 2024-2025, dos 21 focos notificados ata a data, 19 localizáronse en Galicia, todos eles en especies de aves silvestres e maioritariamente en exemplares de gaivota patiamarela (*Larus michaellis*). Este feito é altamente preocupante para a nosa comunidade autónoma dada a ubicuidade desta especie no noso territorio.

A nivel europeo, na presente temporada 2024-2025 o número de casos incrementouse, tanto en aves silvestres como aves de curral como se aprecia aquí:

TIPO DE AVE	TEMPORADA 2024-2025 (de 1 xullo 2024 a 15 xaneiro 2025)
AVES DE CURRAL	341
AVES SILVESTRES e CAUTIVAS	684
<b>TOTAL</b>	<b>1.025</b>





Segundo os datos comunicados a través de ADIS (*Animal Disease Information System*), o serotipo predominante en toda Europa, tamén en Galicia, é o H5N1. Estes focos localizáronse principalmente norte e no centro de Europa, aínda que se notificaron tamén casos en Francia e Portugal (neste país fai escasas semanas notificouse un foco H5N1 nunha explotación de galiñas poñedoras).

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) semanalmente leva a cabo a análise de risco da introdución da IAAP en España, mediante un modelo de predición que ten en conta diversos parámetros como a localización dos focos en Europa, os movementos comerciais de aves desde zonas afectadas, a estacionalidade dos movementos de aves silvestres migratorias cara a España ou a capacidade de persistencia do virus no medio ambiente, que aumenta con temperaturas frías.

Esta análise semanal motivou que o pasado 16 de xaneiro o MAPA determinara **un aumento do nivel de risco de influenza aviaria** a nivel nacional, **activando determinadas medidas recollidas na Orden APA/2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria**, medidas que **entran en vigor o 20 de xaneiro**, e que son de aplicación nas denominadas nesa orde como **Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV)**.

Os concellos que forman parte de cada zona, así como as medidas a aplicar neles detállanse no anexo a esta nota informativa.

É necesario informar de que estas medidas poden ser obxecto de revisión nas próximas semanas, en función da evolución epidemiolóxica

Desde a **Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias**, **trasládase esta información a todos os actores implicados**, co fin de que todos eles coñezan por unha banda as medidas de vixilancia e control derivadas da aplicación da Orden APA/2442/2006 nos distintos territorios de Galicia, así como para concienciar e informar a todos eles das medidas preventivas de bioseguridade para impedir a infección nas aves e de vixilancia pasiva cara a detectar unha sospeita de IAAP, e que se detallan no anexo desta nota.

Así, son informados por esta vía:

- O sector avícola de Galicia, tanto industrial como artesanal
- Os concellos incluídos nas citadas zonas ZER e ZEV e por extensión á FEGAMP
- Os Colexios Oficiais Veterinarios de Galicia, para a súa difusión ao persoal veterinario colexiado
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para traslado ao seu persoal de gardería e colectivos cinexéticos e conservacionistas
- Os servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural
- A Consellería de Sanidade para o seu coñecemento, no marco de coordinación "One Health"
- Corpos e forzas de seguridade (Policía Autonómica e Seprona)





No actual escenario de risco, faise necesario lembrar a importancia de realizar **unha adecuada vixilancia pasiva (detección de calquera signo de enfermidade ou mortalidade compatible coa IAAP) tanto de aves tanto domésticas (de curral ou cativas) como silvestres** que se atopen enfermas ou mortas debido á unha sospeita por influenza aviaria, principalmente nos territorios incluídos en zonas ZER e ZEV, pero tamén en calquera outra localización do territorio de Galicia. De acordo coa *Lei 8/2003 de sanidade animal*, calquera persoa, e especialmente as persoas titulares de explotacións avícolas e os veterinarios, teñen a obriga de **comunicación inmediata** dunha sospeita desta patoloxía **aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural**.

Poden ser signos significativos de presenza de influenza aviaria en aves domésticas:

- Caída do consumo do penso e da auga superior ao 20 %.
- Caída na posta de ovos superior ao 5 % durante máis de 2 días seguidos.
- Mortalidade superior ao 3 % durante una semana, sen causa xustificada.
- Calquera signo clínico ou lesión post-mortem compatible coa influenza aviaria.

En aves silvestres os signos clínicos son menos evidentes podendo afectar a un único individuo ou ben a un grupo máis ou menos numeroso de aves silvestres.

Cómpre indicar que o serotipo H5N1, prevalente actualmente en España, non ten demostrada unha potencialidade zoonótica significativa, aínda que por un principio básico de bioseguridade, **recoméndase non tocar aves atopadas mortas ou enfermas**, e avisar ao servizo veterinario oficial no caso de aves de curral ou ao teléfono de atención 012 no caso de aves silvestres.

Finalmente indicámoslles onde poden atopar información de interese sobre a influenza aviaria:

[https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/influenza-aviar/influenza\\_aviar.aspx](https://www.mapa.gob.es/es/ganaderia/temas/sanidad-animal-higiene-ganadera/sanidad-animal/enfermedades/influenza-aviar/influenza_aviar.aspx)

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/gandaria/sanidade-animal/programas-oficiais/influenza-aviaria>

No seguinte enlace pódese realizar a busca das diferentes Oficinas Rurais da Consellería do Medio Rural.

<https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>

Agradecendo a súa colaboración, reciban un saúdo.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica  
O xefe do Servizo de Sanidade Animal

Jesús Javier Orejas Fernández





## ANEXO

### ZONA ZER (ZONA ESPECIAL RISCO)

Concellos incluídos:

- Provincia de Pontevedra: A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Ribadumia e Vilanova de Arousa.

### ZONA ZEV (ZONA ESPECIAL VIXILANCIA)

Concellos incluídos:

- Provincia da Coruña: Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Vimianzo e Zas.
- Provincia de Lugo: Ribadeo e Trabada.
- Provincia de Ourense: Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.
- Provincia de Pontevedra: A Guarda, Marín, Meis, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.

### MEDIDAS A APLICAR DESDE 20/01/2025

Na zona **ZER**:

- **Prohíbese a cría de aves ao aire libre:** Todos os propietarios de aves deben recuñir as súas aves en instalacións pechadas ao cuberto. Se isto non fora posible por non dispoñer destas instalacións, poderíanse manter as aves no exterior sempre que existan teas paxareiras ou calquera outro dispositivo que impida o acceso de aves silvestres e sempre que se alimente e subministre auga ás aves domésticas no interior das instalacións ou cubertos que impidan o contacto das aves silvestres coa auga ou alimento destinados ás aves domésticas.
- **Prohíbese a cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral.**
- Queda prohibido o uso como reclamo de caza de aves das Ordes Anseriformes (parrulos ou similares) e Charadriiformes (gaivotas e similares).
- Prohíbese **darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes ás que puideran ter accedido aves silvestres**, ao non ser que a auga sufrira un tratamento de hixienización que garantira a inactivación de posibles virus da influenza aviaria.
- Os **depósitos de auga** de subministración para as aves domésticas que puidera haber no exterior, estarán **protexidos** para impedir que poidan acceder as aves silvestres ou as súas dexeccións.





- **Prohíbense as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non** (exhibicións, concursos...), tanto de aves de curral como de aves en cativeiro (p. ex. aves ornamentais ou similares).

Na zona **ZEV**:

- **Prohíbense as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non** (exhibicións, concursos...), tanto de aves de curral como de aves en cativeiro (p. ex. aves ornamentais ou similares).

No **resto de concellos** de Galicia, non situados nin en ZER nin en ZEV:

- As concentracións de aves (mercados gandeiros, exhibicións, concursos...) tanto **de curral como aves en cativeiro están autorizadas** sempre que:
  - se celebren en instalacións cubertas, pechadas e illadas do exterior
  - durante a permanencia das aves no recinto se impida o contacto con aves silvestres ou as súas dexeccións
  - se garanta que a subministración de auga cumpre os requisitos sanitarios reflectidos no punto 1 (zonas ZER)

**OUTRAS RECOMENDACIÓNS DE BIOSEGURIDADE XERAL** ( a aplicar en todo o territorio de Galicia):

- Ter limpo de maleza e restos da actividade gandeira 2 metros arredor do perímetro das naves.
- Ter pechados os ocos polos que poidan penetrar ratos ao interior dos aloxamentos das aves (xuntas, canaletas, tellados).
- Ter limpos e desinfectados os locais onde se almacenen os pensos e os utensilios da granxa.
- Evitar a entrada doutros animais e aves silvestres ao interior mediante sistemas de protección nas fiestras (teas paxareiras), nas entradas e saídas do aire e nas canalizacións do penso e da auga.
- Limitar ao mínimo imprescindible as visitas, tanto de persoas como de vehículos.
- Evitar criar parrulos, gansos ou ocas xunto con outras especies de aves de curral.
- Evitar que as aves domésticas entren en contacto directo ou indirecto con aves silvestres e especialmente con aves acuáticas, e dentro delas coas anátidas.





- Protexer os comedeiros e os bebedeiros das aves de curral así como os depósitos de auga, evitando que accedan a eles as aves silvestres ou as súas dexeccións.
- Evitar darlle de beber ás aves de curral auga á que puideran ter accedido aves silvestres.
- Non manter ao aire libre aves de curral nos terreos próximos á beira das charcas, encoros ou pequenos humedais onde exista presenza de aves silvestres migratorias, especialmente se son anátidas.
- As persoas relacionadas con granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola de tipo familiar, deben evitar ter contacto con aves dunha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade (lavado de roupa, lavado de mans...), especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións ou titulares de currais familiares de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter adecuadas prácticas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética (lavado de roupa, lavado de mans...), procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

